



Memoria xustificativa do Convenio de colaboración entre a entidade pública empresarial Augas de Galicia e o Concello de Mondariz para a execución de para a execución da actuación de “Melloras nas sendas dos ríos Tea e Xabriña”, Concello de Mondariz.

1 A entidade pública empresarial Augas de Galicia é o órgano da Administración autonómica que ten atribuído o exercicio das competencias en materia de augas e obras hidráulicas

Entre estas competencias atópanse as de adoptar medidas de protección dos recursos hídricos e dos ecosistemas acuáticos, e correspóndelle, como organismo de conca, as funcións de administración e control do dominio público hidráulico, conforme ao disposto na Lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia e no Texto refundido da Lei de augas, aprobado polo Real decreto legislativo 1/2001, do 20 de xullo

2 O obxectivo destas obras é mellorar as sendas existentes nas marxes do río Tea e Xabriña, no concello de Mondariz, deterioradas polas recentes riadas, contribuíndo á mellora das condicións de vida dos veciños deste concello de Mondariz, de tal xeito que poidan ter unha maior accesibilidade aos seus ríos.

3 Para os efectos sinalados, tense previsto formalizar co Concello de Mondariz o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a data da súa sinatura ata o 31.12.2016. Porén, seguirá producindo efectos en tanto se manteñan as obrigas pendentes de cada unha das partes recollidas neste convenio.

4 O convenio ten por obxecto establecer as condicións básicas para a colaboración entre Augas de Galicia e o Concello de Mondariz que permitan acometer as obras consistentes en “Melloras nas sendas dos ríos Tea e Xabriña. Concello de Mondariz (Pontevedra)” e a súa conservación e mantemento.

5 O instrumento convencional que se pretende asinar fundaméntase no seguinte:

Augas de Galicia ten competencias para adoptar medidas de protección dos recursos hídricos e dos ecosistemas acuáticos, conforme ao disposto na Lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia e no Texto refundido da Lei de augas, aprobado polo Real decreto legislativo 1/2001, do 20 de xullo.

O artigo 57 da Lei de bases do réxime local, e o 194 da Lei da Administración local de Galicia determinan que a cooperación económica, técnica e administrativa entre a Administración Local e as Administracións do Estado e das Comunidades Autónomas, tanto en servizos locais como en asuntos de interese común,





desenvolverase con carácter voluntario, baixo as formas e nos termos previstos nas leis, podendo ter lugar, en todo caso, mediante os convenios administrativos que subscriban.

Polo exposto, estímase xustificada a utilización do instrumento do convenio para articular as actuacións de referencia, quedando o devandito convenio fora do ámbito de aplicación do Texto Refundido da Lei de contratos do sector público, aprobado por Real Decreto Lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, con independencia de que, de acordo co previsto no artigo 4.2 da devandita norma, lle sexan de aplicación os principios desta Lei para resolver as dúbidas e lagoas que puidesen presentarse.

Santiago de Compostela
O director de Augas de Galicia

Roberto Rodríguez Martínez
(*asinado dixitalmente*)

